

**DECRETO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Resultando que por acordo da Xunta de Goberno de 13.03.2020, foron aprobadas as Bases Xerais, convocatoria e Bases Específicas para a creación dunha listaxe de emprego de VETERINARIO/A para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no *Boletín Oficial Provincia* de Lugo núm. 079, do 06.04.2020 (corrección de erros Xunta de Goberno de 29.05.2020 e 10.07.2020, publicadas no BOP núm. 143 do 23.06.2020 e BOP núm. 161 do 15.07.2020)

Vistos os puntos 6 e 7 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, propónse á Presidencia, que en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7 / 1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da anterior, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME
01	ALARCÓN FOLE, ÁLVARO
02	DÍAZ DÍAZ, JOSÉ MARÍA
03	DÍAZ GARCÍA, MARÍA MILAGROS
04	DOVAL ARZA, MANUEL
05	ESPÍN FONTAL, ASUNCIÓN
06	FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, ALICIA ANA
07	FERRERO OTERO, MARÍA DEL CAMINO
08	GARCÍA DÍEZ, MARTA MARÍA
09	HERBÓN MEILÁN, DIEGO
10	LEAL CARAMAZANA, DARÍO MANUEL
11	LÓPEZ NIÑO, AMELIA
12	MOLDES CALVO, CATERINA
13	PALACIOS FERNÁNDEZ, PATRICIA
14	PIÑEIRO VILLARES, XOSÉ DANIEL
15	PRIETO OLLERO, MARÍA
16	RIERA BURGER, MARÍA LUISA
17	SAAVEDRA MARTÍNEZ, JOSÉ MARCELINO
18	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, CRISTINA
19	VERDES GIL, SONIA

2º.- Nomear os/as membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

	IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY	Fecha y Hora	15/10/2020 14:27:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY</a>	Página	1/5



O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 13 OCT. 2020  
ata a día 29 OCT. 2020  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Manuel García Mel, xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor RRHH adxunto xefe Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Don Pedro García Herradón, veterinario na especialidade en obstetricia e reprodución de gando bovino na Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo.

Suplente Don Luís Ángel Quintela Arias, veterinario na especialidade en obstetricia e reprodución de gando bovino na Facultade de Veterinaria, Campus de Lugo.

Titular: Miguel Ángel Fernández López, director da Granxa Provincial da Deputación de Lugo.

Suplente: María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo

Titular: José Domingo Rodríguez Ferreira, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

**SECRETARIA/O:**

Titular: Don María Esther Álvarez Martínez, secretaria xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Castiñeira Castiñeira, secretario - interventor xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan no Salón Verde da Deputación de Lugo o mércores día 21 de outubro de 2020 ás 9 HORAS e 30 MINUTOS para a súa constitución e o mércores día 28 de outubro de 2020 ás 9 HORAS e 30 MINUTOS para a realización da proba de coñecementos xerais e específicos no SALÓN DE PLENOS da Deputación de Lugo.

4º.- Citar aos aspirantes para que comparezan o mércores día 28 de outubro de 2020 ás HORAS e no LUGAR que a continuación se sinalan para realizar os chamamentos, ao obxecto de celebrar a proba de coñecementos

	IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY	Fecha y Hora	15/10/2020 14:27:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY</a>	Página	2/5





O presente documento estara  
 exposto no Taboeiro de  
 Anuncios desta Deputación  
 desde o día 13 OCT. 2020  
 ata a día 29 OCT. 2020  
 O XEFE DA UNIDADE  
 PORTERÍA E VIXIANCIA

xerais e específicos fixada para ás 9 HORAS e 30 MINUTOS no SALÓN DE PLENOS da Deputación de Lugo.

ASPIRANTES COS SEGUINTE NÚMEROS NA LISTA DE ADMITIDOS	LUGAR DE COMPARECENCIA	HORA DE CITACIÓN
1 ao 10	Salón de Plenos	09:15
11 ao 19		09:20

5º.- Establecer o seguinte protocolo, coa finalidade de que as probas selectivas se realicen coas máximas garantías de seguridade respecto aos riscos derivados da crise sanitaria.

**PROTOCOLO  
 MEDIDAS DE PREVENCIÓN POLOS RISCOS DERIVADOS DA CRISE SANITARIA**

**a) NORMAS XERAIS**

Os Tribunais incorporarán ao persoal colaborador necesario para garantir as medidas de prevención fronte ó Covid-19, tendo como principais funcións revisar o estado das aulas e a súa limpeza con anterioridade á celebración das probas, sinalar as aulas coas indicacións necesarias para garantir que se garden as distancias de seguridade, asegurar o uso de máscaras e a hixienización de mans, acomodar aos aspirantes, acompañalos na entrada e saída das aulas dando as instrucións precisas para, se fora preciso, evitar aglomeracións e desprazamentos masivos de persoas nos centros onde teñan lugar as probas e nas súas inmediacións e, en xeral, facilitar aquelas medidas que as autoridades competentes determinen co obxecto de minimizar os riscos de contaxio e que o desenvolvemento das probas se realice coas máximas garantías de seguridade posibles.

Só se permitirá acceder ao centro onde se celebren as probas ao Tribunal, persoal colaborador e aspirantes.

A Deputación poñerá a disposición dos aspirantes máscaras de substitución para quen as precise, xel hidroalcohólico nos accesos e panos de usar e tirar.


O material no que desenvolvan os exercicios será desinfectado con líquido virucida antes de entregarse aos aspirantes.

Os bolígrafos que se usen durante as probas serán aportados pola Entidade previamente hixienizados.

Nos lugares de celebración das probas, o Tribunal, colaboradores e aspirantes deberán:

	IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY	Fecha y Hora	15/10/2020 14:27:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Unidade verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY</a>	Página	3/5





- Gardar a distancia de seguridade.
- Usar máscara.
- Hixienizar as mans.
- Introducir todas as súas pertenzas nunha mochila, carteira ou bolsa. Non poderán ter o teléfono móbil, reloxo dixital ou calquera outro dispositivo electrónico activado.
- É recomendable que os aspirantes leven xel hidroalcohólico e panos de usar e tirar para usalos cando o consideren preciso.

**b) ENTRADAS E SAÍDAS DOS ASPIRANTES Á AULA ONDE SE REALICEN AS PROBAS**

As persoas aspirantes esperarán a ser chamados no lugar onde se lles cite, mantendo en todo momento a distancia persoal de seguridade e coa máscara posta, debendo presentar o DNI para a súa identificación antes de acceder a aula onde se realicen as probas.

Unha vez identificados, ocuparán o lugar que se lles indique, e permanecerán nel ata que o Tribunal determine o momento en que poden abandonar a aula.

**c) OUTRAS INCIDENCIAS**

Os aspirantes que estean en illamento, con diagnóstico por COVID-19 ou en corentena por contacto estreito con persoas diagnosticadas de COVID-19, non poderán presentarse á convocatoria. Nese suposto, poñerano en coñecemento da Entidade ou do Tribunal con carácter previo á celebración da proba, acreditando documentalmente a súa situación. O Tribunal arbitrará as medidas alternativas necesarias para que poidan realizar as probas no momento e lugar adecuados, sen poñer en risco ó resto de participantes e coas máximas garantías de seguridade.

Se algún aspirante mostra síntomas de contaxio da COVID-19 durante o exercicio, será levado a unha sala ou aula na que estará acompañado por un membro do Tribunal ou un colaborador. Avisarase a quen comunique o aspirante, e, se os síntomas presentan gravidade ao 112.

Se algunha das persoas que participan nas probas como membros do Tribunal ou colaboradores mostran síntomas de contaxio, deixarán o seu posto seguindo o mesmo protocolo que o determinado para os aspirantes.

O Tribunal poderá adoptar as decisións ou medidas necesarias ante calquera eventualidade que se produza, co obxecto de que as probas se desenvolvan co maior nivel de seguridade posible. En todo este proceso, contará co asesoramento do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación Provincial.

	IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY	Fecha y Hora	15/10/2020 14:27:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Elimado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJI4I5NAJIFNY</a>	Página	4/5





*[Firma manuscrita]*

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 13 OCT. 2020  
ata a día 24 OCT. 2020  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

6º.- Publicar a presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

O prazo de presentación de alegacións á listaxe provisional será de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da resolución na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH).

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a listaxe definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución na web corporativa ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 26-07-2019  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**A SECRETARIA,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7GQPJ63QUJKXJ1415NAJIFNY	Fecha y Hora	15/10/2020 14:27:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GQPJ63QUJKXJ1415NAJIFNY	Página	5/5

